

ELECCIÓN DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR

CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido no apartado 1 do artigo 5º, da RESOLUCIÓN conxunta do 25 de setembro de 2018, (DOGA 8 de outubro), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Inovación Educativa da Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, realizarase proximamente neste centro a renovación correspondente do CONSELLO ESCOLAR, instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Centro. A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral que se constituirá ao efecto, e que estará integrada por:

- A Directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os catro últimos serán designados por sorteo público, segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). O sorteo celebrarase neste Centro o próximo día 30 de outubro, martes, ás 09:40 horas.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que publicará proximamente a Xunta Electoral do Centro.

Ferrol, a 29 de outubro de 2018.

A Directora



Asdo.: Patricia Mª Cons Formoso